

MEMORIA

O día 8 de agosto dirixín dous obradoiros pola tarde; de 16:00h a 17:30h. o 1º grupo, media hora de descanso e de 18:00h. A 19:30h. o 2º grupo.

O día 9 de agosto tocoulle aos dous grupos que quedaban de 10:00h. a 11:30h. , media hora de descanso e de 12:00h. a 13:30h. o último grupo.

Cada grupo tiña nome dunha cor (vermellos, azuis, violetas e verdes)

Os catro obradoiros dividínos en catro apartados:

- Motivación
- Presentación
- Fase teórica
- Fase práctica

As tres primeiras foron comúns para os catro obradoiros. A fase práctica variou dado que eliximos estratexias diferentes coas que traballar.

Motivación: Falei de qué ía tratar o obradoiro e das ensinanzas que podían aproveitar para traballar a expresión escrita de xeito máis doado non só nos vindeiros cursos senón tamén para a vida diaria.

A escrita como diversión, terapia, divertimento.

O comunicarlles que boa parte dos seus traballos ían aparecer na web da AELG tamén os motivou.

Presentación: Logo de presentarme como autora de diferentes textos e profesora de Lingua Galega e Literatura (a meirande parte dos nenos e nenas non sabían quen lles ía impartir os obradoiros) xogamos a presentarnos cun pareado. “Eu son Concha Blanco; ser escritora non é para tanto” “Eu son Concha Blanco; gústame ler sentada nun banco.” Así todos/as conseguiron, sen demasiada dificultade, presentarse. Foi unha parte dinámica, que ademais me deu pé a tirar abaixo o de que a poesía sempre ten rimas. Non. A poesía hai que entendela como sentimento e non como sinónimo de rima. Isto fíxose oralmente, aínda que algún preferiu escribilo antes.

Fase teórica: Tiven en conta as seguintes parcelas:

- a) Intentei deixar claro que a Literatura non ten *xénero gramatical* (masculino/feminino), pero si ten *xéneros literarios* (narrativa/prosa; teatro/dramática; poesía/lírica)
- b) Falo un pouco da diferenza entre os xéneros literarios.
- c) Dou a coñecer distintas estratexias para facer contos (a partir dun título, a partir dunha audición; a partir dunha ilustración, odiseas, o binomio fantástico, Que pasaría se...?, contos ao revés, co final dun conto comezar o teu, ...) e poemas (a partir dun verso dado ou de autor/a, versos para unha imaxe, caligramas, acrósticos, haikus, poemas populares con diferentes estruturas, ...)
- d) Debemos ter en conta que:
 - Escribir é un acto de reflexión/liberación.
 - Escribindo podes estar só e acompañado a un tempo.
 - Hai que ser claros, evitando repeticións superfluas e buscando a beleza nos textos literarios.

Fase práctica: En cada un dos obradoiros traballamos a narrativa e a lírica, asignando diferentes estratexias a cada grupo.

En poesía haikus, acrósticos e poemas libres.

En narrativa contos coa estratexia do binomio fantástico, textos a partir de ilustracións dadas (que levaba eu impresas) e odiseas (a partir de modelos que tamén levaba eu con 4 personaxes e 10 accións para cada tema “A meiga Lirea” e “As vacacións.”).